



Proposicións non de lei aprobadas polo Parlamento de Galicia o día 8 de maio de 2012

3.1 08/PNP-1475 (74012)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e seis deputados máis

Sobre o inicio da implantación progresiva dun software de xestión para pequenos establecementos hostaleiros de Galicia, desenvolvendo, de xeito simultáneo, actividades formativas en relación co seu uso

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 591, do 30.11.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a implantación progresiva dun software de xestión para pequenos establecementos hostaleiros de Galicia, e esta implantación acompañarase de actividades formativas no relativo ao seu uso".

3.3 08/PNP-1550 (76033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique, e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver a incidencia no sector naval galego do procedemento aberto pola Unión Europea en relación co réxime fiscal aplicado á construción de novos buques e a adopción de medidas para reactivar o sector naval

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 630, do 01.02.2012

O texto aprobado é o seguinte:



“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado co obxecto de:

1.º) Solicitar da Unión Europea que permita o mantemento do sistema de arrendamento fiscal na realización de contratos para a construción de buques utilizado ata o de agora ou, en todo caso, un transitorio en tanto en canto non se resolva o procedemento iniciado pola Comisión Europea en contra do sistema aplicado no Estado español.

2.º) Negociar coa Comisión Europea a resolución do procedemento iniciado contra o sistema de arrendamento fiscal español, mediante un mecanismo pactado entre ambas partes e que prevexa dun xeito expreso a non reversión das axudas correspondentes á construción naval executadas e o carácter estratéxico deste sector.

3.º) Esixirlle á Comisión medidas e actuacións máis directas para protexer este sector ante a falta dun acordo internacional que logre eliminar as prácticas desleais e evitar situacións de distorsión da competencia.

4.º) Habilitar mecanismos de financiamento para este sector, sendo, entre outras medidas, a prórroga máis aló do 2011 as accións do "marco comunitario aplicable ás axudas estatais á construción naval".

5.º) Poñer en marcha a garantía de medidas en materia de mantemento do emprego, para evitar despedimentos precipitados, co obxecto de preservar os postos de traballo e reter a man de obra altamente cualificada.

6.º) Adoptar medidas directas e decisivas para fomentar a construción de buques especializados e de alta tecnoloxía.

7.º) Reclamar un compromiso firme do Ministerio de Industria no diálogo coas empresas e cos axentes sociais, que permita



presentar unha proposta co maior respaldo posible diante da Unión Europea.

8.º) Iniciar no seo da mesa do naval de Galicia unha análise global do sector naval galego, que permita adoptar as medidas necesarias e de carácter estratéxico en materia de desenvolvemento da industria de bens de equipo, na innovación, no financiamento, na xestión, na comercialización e na formación”.

3.4 08/PNP-1700 (80042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de actuacións para fomentar o uso da lingua galega entre as mozas e os mozos nas redes sociais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 674, do 10.04.2012

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver liñas de acción dirixidas a fomentar entre as mozas e os mozos o uso da lingua galega nas redes sociais”.

3.7 08/PNP-1744 (80949)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e sete deputados máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para fomentar e apoiar o emprendemento feminino e a conciliación da vida familiar, laboral e persoal das mulleres emprendedoras de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 683, do 25.04.2012

O texto aprobado é o seguinte:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en disposición das mulleres todos aqueles instrumentos dos que dispoña para fomentar e apoiar o emprendemento feminino e as necesarias medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal das mulleres emprendedoras en Galicia”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia